

Tema 8: O teatro de posguerra

1. Cantas obras teatrais se publican en Galicia entre 1936 e 1952?

2. Que dúas obras teatrais se publican en 1952 na editorial Galaxia? Quen son os seus autores?

3. A que liñas estéticas pertencen os seguintes títulos?// Indica as liñas temáticas cultivadas

- *Brétemas e raiolas* (Leandro Carré)

- *Pauto do demo* (Ánxel Fóle)

- *Auto do taberneiro* (Manuel María)

- *Prisciliano* (Daniel Cortezón)

- *O triángulo ateo* (Jenaro Marinhas)

4. Completa os ocos coa información que falta:

- A obra de maior orixinalidade publicada na década dos anos 50 é *Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, de _____.
- A ditadura fixo que a maior parte das obras escritas polos autores da Xeración dos 50 quedasen como _____ ou _____.

Autoras/es da Xeración dos 50

- *A outra banda do Íberr* e *Un hotel de primeira* son obras de _____, onde as figuras femininas teñan un papel importante na defensa da Terra.
- _____ é autor de 23 pezas publicadas e 19 inéditas.
- As obras de _____ comparten unha visión crítica sobre o poder do diñeiro e sobre a vida alienada do ser humano moderno.
- O Teatro Independente era un conxunto de pequenos grupos teatrais que traballaron por _____

- O Teatro Facho foi o primeiro grupo de teatro independente galego fundado por _____ na _____.

5. Por que 1973 foi un momento clave para a dramaturxia galega?

6. Que nome reciben unha serie de dramaturgos que conseguiron renovar e consolidar o xénero teatral galego ente os anos 70 e comezos dos 80?

7. Asocia as seguintes características cos autores que aparecen no recadro:

Manuel Lourenzo	Euloxio Rodríguez Ruibal	Roberto Vidal Bolaño
-----------------	--------------------------	----------------------

- Escribiu máis de 150 títulos
- A súa produción teatral pode agruparse en tres liñas temáticas.
- Dedicóuselle o Día das Letras Galegas no 2013
- Combina elementos da cultura popular galega, da dramaturxia de vangarda e da linguaxe cinematográfica.
- É membro da Academia Galega e un dos dramaturgos máis prestixiosos.
- Recibiu o premio Abrente en 1973 pola súa obra *Zardigot*.